

PROXECTO CLUB DE LECTURA 2018-19

Nome do club de lectura

RETELLADORES/AS DO GALIÑEIRO

Breve historia

O club de lectura, 'RETELLADORES/AS DO GALIÑEIRO' do IES ANTÓN LOSADA DIÉGUEZ de A Estrada, comezou hai sete anos e continuou sen interrupción a súa actividade ata o día de hoxe. Forma parte, por tanto, das actividades ofertadas polo centro e consolidadas co paso dos anos, debido á boa acollida que ten por parte do alumnado.

Finalidades:

- Fomentar o hábito lector como una actividade lúdica e formativa.
- Desenvolver a competencia lectora e a expresión escrita.
- Favorecer a integración do alumnado.
- Crear un ámbito de convivencia e diálogo que axude ao desenvolvemento da autonomía persoal e das competencias sociais.
- Fomentar a lectura comprensiva, analítica e crítica.
- Aprender a sintetizar as ideas principais.
- Mellorar a expresión oral.
- Aprender a escoitar aos demais e a respectar a súa opinión.
- Servir de canle de comunicación entre a Biblioteca e o resto da comunidade educativa.
- Participar activamente e/ou organizar actividades de animacións á lectura.
- Compartir o lido con persoas de distintos cursos, distintas idades, diversas sensibilidades estéticas e vitais, etc.

Actividades previstas:

- Convocatoria, a comezo do curso, dun concurso de carteis (slogan e unha imaxe) sobre o fomento da lectura. Utilizar o cartel premiado para dar a coñecer o club de lectura.
- Facer reunións periódicas para comentar as lecturas.
- Utilizar o blogue <https://lernolosada.wordpress.com/> para difundir as actividades e as lecturas que se realicen ao longo do curso.
- Saídas culturais: bibliotecas, salón do libro, rutas literarias, presentación de libros...Sempre en función das posibilidades do club e do desenvolvemento do curso.
- Nas reunións do club de lectura intercalar debate sobre as lecturas con outras actividades que poidan ser do interese do alumnado (deportivas, artísticas, xadrez,...)
- Visita de escritores/as, ilustradores/as, conta-contos, etc
- Participación en actividades de animación á lectura, contacontos, obradoiros, xornadas, representacións teatrais, etc.
- Colaboración con outros clubs e institucións, como o concello da Estrada.

Actividades destinadas a fomentar a participación de varóns

Desde a posta en marcha o club ata a actualidade sempre houbo participación de varóns no club de lectura nunha proporción case equivalente á de mulleres. Se no futuro apreciásemos unha menor participación de varóns, trataríamos de artellar medidas para fomentar a súa maior participación.

Actividades para incentivar a participación de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo

- Habería que ver cales son os intereses e gustos do alumnado con necesidades de apoio educativo e elaborar propostas de lecturas en colaboración co profesorado que lles imparte clases.

Composición e número de participantes aproximado. Nº de grupos de lectura previstos.

Clubs	Grupos de lectura	Nº de participantes
Club do alumnado	Grupo de 1º ESO	6 alumnos/as
	Grupo de 2º ESO	17 alumnos/as
	Grupo de 4º ESO	10 alumnos/as
	Grupo de 3º ESO, 1º e 2º BACH	20 alumnos/as
	Grupo ESA (M3 e M4)	8 alumnos/as

Formas de organización e funcionamento previstos

O club conta cunha coordinadora e con catro profesores/as que se encargarán de supervisar o funcionamento, da dinamización das sesións, da xestión do blogue e planificación das actividades. Este núcleo do club contará coa colaboración doutros profesores/as e do alumnado para a realización interna e externa do club, deseño e edición de material, actividades, saídas culturais.

O profesorado, escoitado o alumnado, propondrá lecturas comúns dunha mesma obra, sempre en lingua galega, estando obrigados todos os membros a seguir as orientacións acordadas.

Para pertencer ao club, o alumnado debe contar coa autorización dos pais/nais, participar na reunión mensual, ler as obras propostas e participar nas actividades do club.

Nas reunións e en todas as actividades do club rexerá o Regulamento de Réxime Interno do IES.

O club do alumnado dividirase en cinco grupos: un de 1º ESO, outro de 2º ESO, un grupo de 4º ESO, un grupo que acolle alumnado de 3º ESO, 1º e 2º BACH e finalmente un grupo de adultos (ESA). Segundo a súa habilidade e madurez lectoras o alumnado pode cambiar de grupo, aínda que non lle corresponda por curso.

Os grupos reuniranse o último martes de cada mes, ao igual que ocorreu o curso pasado. A razón é que ese día o centro ten clase pola tarde e aproveitamos que os/as alumnos/as quedan a comer no IES para facer a reunión de 15:00 a 16:00 horas. Os grupos reuniranse na biblioteca, na sala de profesores e en aulas. As reunións estarán dirixidas polo profesorado coordinador que apoiará a reunión mensual con material preparado previamente. O grupo de adultos vai ter un horario de reunións diferente debido a que tamén o seu horario lectivo é distinto. As reunións serán os derradeiros venres de cada mes despois das 18:30 horas.

As lecturas serán en lingua galega preferentemente e sempre distintas das que realizan nas diferentes materias do currículo e o alumnado participará na súa elección.

A biblioteca intentará contar cos fondos necesarios para o correcto funcionamento do club. .

Os libros serán seleccionados polo profesorado integrante no club e as reunións serán convocadas e coordinadas pola profesora coordinadora.

Horario e calendario para a celebración das reunións presenciais.

Clubs	Día e hora de reunións
Alumnado	30 de outubro de 15 a 16 horas
	27 de novembro de 15 a 16 horas
	29 de xaneiro de 15 a 16 horas
	26 de febreiro de 15 a 16 horas
	26 de marzo de 15 a 16 horas
	30 de abril de 15 a 16 horas
	28 de maio de 15 a 16 horas

O grupo de adultos fará as reunións os últimos venres de cada mes a partires das 19:30 horas, debido a que o seu horario lectivo é diferente.

Persoa responsable/coordinadora

A persoa responsable da biblioteca e coordinadora, María Inés López Nodar, será tamén a responsable do grupo de adultos (ESA)

As persoas responsables dos grupos serán: de 1º de ESO, Carmen Diéguez González; de 2º ESO, Xabier Camba Sanmartín; de 1º e 2º BACH, Heladio Fernández Manso; de 4º ESO, Cibrán Arxibai Queiruga..

Medios que se utilizarán para a súa difusión.

Para a súa difusión utilizaranse:

- carteis
- o blogue da biblioteca <https://lernolosada.wordpress.com/>
- Información nas aulas

- Correo electrónicos/ grupos de whatsApp.

A Estrada, 9 de outubro de 2018

Asdo. M^a Inés López Nodar

(Coordinadora)